

15
XUÑO
2025



club vía láctea

II PROBA DA III COPA XUNTA DE GALICIA DE MARCHA NÓRDICA

IV TROFEO OPEN CIDADE DE SANTIAGO

Inscripcións en:
GALITIMING

11,00 km.
Proba da Copa

5,50 km.
Proba do Open

10:30h
Parque da Alameda,
Santiago de Compostela

Colabora:



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



DEPORTE
GALEGO



XUNTA
DE GALICIA



Cruz Vermella

Atopa toda a información en clubvialactea.com



2ª proba da III COPA XUNTA DE GALICIA de MARCHA NÓRDICA e IV TROFEO OPEN CIDADE DE SANTIAGO

O Club Vía Láctea en colaboración co Concello de Santiago e coa Federación Galega de Montañismo, organizan a 2ª proba da III COPA XUNTA DE GALICIA, puntuable para o campionato galego 2025

Esta é unha proba oficial, federada, cronometrada e arbitrada dentro da III COPA XUNTA DE GALICIA de MARCHA NÓRDICA.

Simultaneamente, tamén se celebra o IV TROFEO OPEN CIDADE DE SANTIAGO de MARCHA NÓRDICA, pensado para quen queira gozar da maxia destes encontros dun xeito lúdico.

O escenario é de gran beleza, trátase do **Parque da Alameda de Santiago**, o cal envolve ao marchador/a proporcionando un dobre goce, que fará que o esforzo da competición sexa menos esforzo debido a sensación de agrado que nos regala a este enclave idílico, mentras nos sentimos observados pola atenta mirada da imponente Catedral de Santiago.

COLABORAN





EVENTO DEDICADO Á CRUZ VERMELLA

O evento segue estando dedicado a esta gran rede humanitaria. Desexando que todas as persoas participantes, acompañantes e paseantes da Alameda, colaboren con esta entidade mediante a compra do boleto do sorteo do Ouro, a súa principal entrada económica. A cambio, no só tes a satisfacción de colaborar cunha entidade recoñecida pola súa gran labor na protección da vida e saúde humana e garantindo o respecto e protección a todas as persoas sen ningún tipo de discriminación, senón que tamén podes ser o afortunado do sorteo. Sorte!



A nosa máis sincera gratitude por contar de novo coa súa colaboración na Marcha Nórdica Compostelá, e facernos sentir coidados e seguros en todo momento.

DATA E LUGAR DA PROBA

A proba terá lugar o **domingo, 15 de xuño do 2025** ás **10:30 h** no **Parque da Alameda** de Santiago de Compostela.

Rúa do Campiño da Ferradura,
15705 Santiago de Compostela.

UBICACIÓN

Situado a medio camiño entre dous dos elementos máis emblemáticos da cidade, o Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela e o casco histórico



PARTICIPANTES

2ª proba da III COPA XUNTA DE GALICIA

Poderán participar **todos/as os/as deportistas FEDERADOS/AS con Licencia Federativa FGM ou FEDME en vigor**, tamen poderan participar deportistas non galegos/as que estarán en posesión da licenza FGM ou **no seu caso dunha Federación homóloga á FGM ou FEDME**, debendo acreditar ter contratado un seguro de responsabilidade civil e un de accidentes que teña cobertura no territorio español e que sexa equivalente ao que rexe en Galicia (Real Decreto 849/1993 do 4 de Xuño) e deberán xustificalo ao equipo arbitral da proba.

IV TROFEO OPEN CIDADE DE SANTIAGO

Poderán participar deportistas **FEDERADOS/AS e NON FEDERADOS/AS**, a estes últimos faráselles un seguro de accidente pola duración da proba.

Os/As **menores de idade** deberán presentar a autorización familiar no momento da inscrición.

A organización reservase o dereito a modificar o número de inscritos por calquera imprevisto que poida xurdir. Se fora o caso, a organización respectará a orde de inscrición.

Todas as persoas inscritas neste evento entran no sorteo dos agasallos.



CATEGORÍAS

2ª proba da III COPA XUNTA DE GALICIA

As categorías réxense pola normativa aprobada da FGM.

Serían as seguintes: **Masculino e Feminino**

- **Categoría Absoluta:** todos os/as participantes maiores de 16 anos.
- **Sub categoría Junior:** 16 a 17 anos, é dicir, que non cumbran os 18 anos o ano de referencia.
- **Sub categoría promesa:** 18 a 23 anos, é dicir, que non cumbran os 24 anos o ano de referencia.
- **Sub categoría Sénior:** 24 a 39 anos que cumbran os 24 e non cumbran os 40 o ano de referencia.
- **Sub categoría veterana A:** de 40 a 49 anos que cumbran os 40 e non cumbran os 50 o ano de referencia.
- **Sub categoría veterana B:** de 50 a 59 anos que cumbran os 50 e non cumbran os 60 o ano de referencia.
- **Sub categoría veterana C:** de 60 a 69 anos que cumbran os 60 e non cumbran os 70 o ano de referencia.
- **Sub categoría veterana D:** a partir dos 70 anos cumpridos o ano de referencia.

IV TROFEO OPEN CIDADE DE SANTIAGO

As categorías de participantes non federados e/ou inscritos no Open, corresponderán tamén á normativa aprobada da FGM, incluíndo tamén as seguintes categorías de menores de 16 anos:

- **Categoría Alevín:** menores de 12 anos. É dicir, que non cumplan os 13 anos no ano de referencia.
- **Categoría Infantil:** 12 e 13 anos. É dicir, que non cumplan os 14 anos no ano de referencia.
- **Categoría Cadete:** 14 e 15 anos. É dicir, que non cumplan os 16 anos no ano de referencia.



DATOS TÉCNICOS

A proba está dirixida polo CLUB VÍA LÁCTEA en coorganización coa Federación Galega de Montañismo (FGM).

A competición cumprirá estrictamente o regulamento de Marcha Nórdica da FGM. Será unha proba arbitrada e cronometrada, con saída en masa por caixóns dacordo co ranking.

CIRCUÍTO

Trátase dun percorrido polos fermosos paseos dos que conta o Parque da Alameda Compostelá. Un deseño circular, onde se debuxa un circuito simulando ferraduras, un guiño ao "Paseo da Ferradura".

Este circuítu homologado ten unha distancia de 2,75 km

A 2ª proba da III COPA XUNTA DE GALICIA finalizará cando o/a marchador/a complete 4 voltas a este percorrido, facendo un total de 11,00 km

- **Subcategoría veterana D:** só percorreren 3 voltas, facendo un total de 8,25 km

Os participantes da modalidade OPEN do IV TROFEO CIDADE DE SANTIAGO compartirán o mesmo escenario e o mesmo percorrido, coa diferenza de que **só darán 2 voltas** en vez de as 4, completando así unha distancia de 5,5 km pasando igualmente por meta en cada volta.

- **Categoría Alevín** (<12 anos) comezará o percorrido 5 minutos despois do resto de participantes, percorrendo só unha volta, percorrendo 2,75 km.
- **Categoría Infantil** (12 e 13 anos): 2 voltas, percorrendo 5,5 km
- **Categoría Cadete** (14 e 15 anos): 2 voltas, percorrendo 5,5 km
- **INCLUSIÓN:** 1 volta: percorrendo 2,75 km

O tempo máximo para completar o circuítu será de 2 horas 30 minutos. A organización non cortará en ningún momento o tránsito dos paseantes da Alameda.



A **topografía do percorrido** ten a peculiaridade de que, a poucos metros da saída, atoparemos unha costa duns 300 metros aproximadamente, que nos leva á capela de Santa Susana, logo farase a baixada para continuar por un percorrido practicamente chan. O firme é de terra nalgúñas zonas e noutras é de xabre, ademais a poucos metros do arco da meta atopamos unha pequena distancia de lousas de pedra lisa.

HABERÁ 2 PUNTOS DE AVITUALLAMENTO

- **Avituallamento principal** que contará con subministracións da organización e colaboradores de sólidos e líquidos. Situado a poucos metros da saída.
- **Avituallamento de líquido** que estará situado entre a Estatua de Rosalía e a escultura da leiteira.



[ENLACE A WIKILOC](#)

366 m

266 m

2,75 km



INSCRIPCIONES

Os marchadores/as poden inscribirse a través da plataforma en liña de galitiming.com O prazo de inscrición remata o luns 09/06/25 ás 23:59 horas.

Tipos de inscrición:

INSCRIPCION XERAL

2ª proba da COPA XUNTA DE GALICIA: 15,00 €
IV Trofeo OPEN Cidade de Santiago: 10,00 €

IDADES ESCOLARES

2ª proba da COPA XUNTA DE GALICIA: 5,00 €
IV Trofeo OPEN Cidade de Santiago : 5,00 €

O custo da inscrición está destinado a cubrir gastos de: xestión organizativa, seguro de responsabilidade civil e de accidentes, obsequios aos/ás deportistas e avituallamento durante a proba.

Haberá un límite de 200 plazas con agasallos.

O feito de facer a inscrición implica que tódolos participantes asumen os riscos da proba e aceptan as condicións da organización, así como a aceptación de que o nome e apelidos do inscrito, categoría de inscrición, clasificacións finais, marca realizada e tempos parciais, a súa imaxe obtida, impresa ou electrónica, co fin de promover o evento e o deporte.



XANTAR DE CONFRATERNIDADE

Para asistir á comida de confraternidade é imprescindible escribir un correo electrónico a: inscripciones@clubvialactea.com, indicando o teu **nome completo, número de teléfono e se elixes peixe ou carne.**

O custo da comida abonarase no restaurante.

Se despois de anotarte para o xantar decides non asistir, intenta cancelar con suficiente antelación, para que o restaurante non conte contigo e evitar que teñas que pagar igualmente.

CUSTO: 25,00 €

MENÚ:

Entrantes:

Empanada de mexillón.

Mini Torrada de Vexetais con Queixo de Cabra.

Ensalada de camaróns.

Prato principal (a elixir):

Guiso de merluza ou nudillo asado (codillo)

Sobremesas, viños, cafés e chupitos.

RESTAURANTE CERVECEIRA O CAROLO

Av. de Vilagarcía, Nº 21, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña

<https://maps.app.goo.gl/3Zr6cMu9cMdCnKQH6>

[LOCALIZACIÓN](#)



ENTREGA DE DORSAIS

A entrega de dorsais farase o sábado 14 de xuño no CENTRO SOCIOCULTURAL DE SAR.

Rúa da Ponte do Sar, 43, 15702 Santiago de Compostela, A Coruña

[LOCALIZACIÓN](#)

en horario: 17:00 h a 20:00 h.

Tamén se entregarán o mesmo día da competición, no Parque da Alameda de Santiago de Compostela, en horario:

08:30 h a 10:00 h.

Para recoller o dorsal, os participantes terán que presentar o DNI físico (ou outro documento oficial en vigor) e a LICENCIA FEDERATIVA 2025.

O DORSAL É PERSOAL E INTRANSFERIBLE

Por seguridade e responsabilidade civil a utilización de dorsais por parte de persoas que NON sexan titulares inscritos oficialmente na proba, pode incorrer en graves consecuencias.

No caso de detectar o uso dun dorsal por parte doutra persoa que NON sexa o titular do mesmo, tanto a persoa que use ese dorsal, como o titular do mesmo, quedarán excluídos de xeito inmediato da proba e a organización se reserva a posibilidade de denuncia ós estamentos



DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

SÁBADO, 14 DE XUÑO DO 2025

18:30 h. - 19:00 h. **BRIEFING** presencial no CENTRO SOCIOCULTURAL DE SAR.

Rúa da Ponte do Sar, 43, 15702 Santiago de Compostela, A Coruña

[LOCALIZACIÓN](#)

DOMINGO, 15 DE XUÑO DO 2025

08:30 h. - 10:00 h. **Recollida de dorsais** no mesmo parque da Alameda.

10:15 h. **Chamamento a todos os marchadores/as a línea de saída** e colocación cada un no seu caixón correspondente, determinado no seu dorsal.

10:25 h. **BRIEFING.**

10:30 h. **Saída conxunta dos marchadores/as.**

10:35 h. **Saída dos alevíns.**

13:00 h. **Fin da proba.**

13:30 h. **Acto de premiación.**

15:00 h. **XANTAR CONFRATERNIDADE.**



MATERIAL OBRIGATORIO

- Será obrigado o uso de **dous bastóns específicos de Marcha Nórdica** que deben permitir aplicar a técnica correctamente.
- Será obrigado o uso de **calzado deportivo adecuado ó itinerario**.
- Utilizarase **roupa deportiva apropiada á competición e ás condicións climáticas** no día da proba.
- **Non está permitido usar auriculares.**
- No caso que a organización ou o comité de proba o crea oportuno, as e os deportistas terán a obriga de levar outro equipo e material que se especifique.

ORDEN DE SAÍDA

A orde de saída será:

1º CAIXÓN

Participantes da 2ª proba da III COPA XUNTA DE GALICIA, colocación segundo as clasificacións FGM e FEDME, de xeito que os/as deportistas con mellor ranking FGM ou o seu equivalente FEDME.

2º CAIXÓN

Participantes no IV TROFEO OPEN CIDADE DE SANTIAGO por orden de inscrición.

3º CAIXÓN

Participantes alevíns IV TROFEO OPEN CIDADE DE SANTIAGO.



CRONOMETRAXE

É obrigatorio poñer correctamente o chip de control de tempo e ritmo, podendo a Organización establecer controles electrónicos de cronometraxe e ritmo ao longo do percorrido co fin de verificar que todos os atletas cobren todo o percorrido. **É obrigatorio pasar por riba das alfombras de control dispostas ao longo do percorrido.** Os marchadores/as que non teñan todos os rexistros na orde correcta serán descualificados.

Na zona de meta haberá contedores para a devolución do chip, así como unha penalización de 15,00 €, se non se devolve.

Proba cronometrada: galitiming.com

PREMIOS

A partir das 13:30 h. procederase a entrega de trofeos, no Parque da Alameda de Santiago de Compostela.

No acto deberán estar presentes os/as marchadores/as con dereito a premios, podendo delegar noutra persoa. De non estar presentes, entenderase que renuncia ao premio.

IV TROFEO OPEN CIDADE DE SANTIAGO, premiarase os 3 primeiros postos da xeral (masculina e feminina) e os tres primeiros de cada subcategoría (masculina e feminina).

2ª PROBA DA III COPA XUNTA DE GALICIA, premiarase os 3 primeiros postos da xeral (masculina e feminina) e os tres primeiros de cada subcategoría (masculina e feminina).

A primeira entrega de premios será para o IV TROFEO OPEN CIDADE DE SANTIAGO, e a continuación procederase a entrega de medallas aos/ás premiados/as na 2ª PROBA DA III COPA XUNTA DE GALICIA.



SEGURIDADE

Todos os participantes estarán cubertos por unha póliza de seguro de responsabilidade civil e pola licenza federativa do seguro de accidentes.

Contaremos co servizo da ambulancia e voluntariado da Cruz Vermella, ademáis dun/unha médico/a para atención sanitaria urgente onde o hospital de referencia en caso de traslado será o:

HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CHUS).

SERVIZOS DEPORTIVOS

GARDA-ROUPA

No mesmo Parque da Alameda de Santiago estará unha **furgoneta da empresa colaboradora BREA MOTOR**, que fará de local para o servizo de garda-roupa.

ASEOS PÚBLICOS

O Parque da Alameda consta do servizo de aseos públicos, os cales permacerán abertos, grazas a Parques e Xardíns do Concello de Santiago.

VESTUARIOS e DUCHAS

O departamento de Deportes do Concello de Santiago facilita o uso nas instalacións: COLEXIO PÚBLICO PÍO XII:

Rúa da Poza de Bar, s/n, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña,
situada a menos de 600m. dende a Alameda (menos de 5 minutos camiñando).

[LOCALIZACIÓN](#)





ANULACIÓNS OU DEVOLUCIÓNS

En ningún caso se devolverá o importe da inscrición.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Os participantes comprométense a aceptar estritamente o Regulamento de Marcha Nórdica aprobado pola FGM, así como calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas á organización. A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que se expoñen:

Acredita estar en bo estado físico e realizar os recoñecementos de saúde pertinentes que o habiliten para participar en competicións destas características. A Organización non se fará responsable de ningunha lesión ou enfermidade por imprudencia, neglixencia ou falta de aptitude física do marchador/a.

O persoal da Organización, están facultados para retirar da carreira a todo deportista que manifeste un evidente mal estado físico, que non faga o percorrido completo, que non dispoña de dorsal (ou que manipule a publicidade do dorsal), que manifeste un non comportamento deportivo, que se repita en protestas ante a Organización ou que non cumpra o tempo máximo de realización.



COMPROMISOS

A organización, aínda que subscribirá un seguro de accidentes e responsabilidade civil, non se fará responsable dos danos que poidan sufrir os participantes, estando polo tanto exenta de calquera tipo de indemnización.

Os participantes teñen a obriga de seguir as indicacións dos organizadores.

Ao inscribirse, os participantes declaran non padecer lesión algunha que poida agravarse como consecuencia da realización da proba, eximindo á organización de calquera responsabilidade derivada delo.

É responsabilidade do participante facerse os test, chequeos ou probas médicas necesarias para verificar o seu axeitado estado de saúde.

O participante comprométese a eximir á organización e colaboradores e/ou a calquera persoa física ou xurídica vencellada coa organización da proba das responsabilidades derivadas de calquera accidente causado tanto por motivo de participación na proba como por accidentes deportivos.

O participante comprométese a eximir aos anteriormente citados de calquera prexuízo que, por motivos de saúde, puideran derivarse da súa participación na proba, asumindo persoalmente o risco inherente para a saúde que supón o esforzo físico requirido para a participación na mesma.

O participante autoriza expresamente aos servizos médicos da proba a que presten durante a proba a asistencia médico-sanitaria que fose necesaria e a que lle practiquen calquera cura que puidera necesitar, estando ou non en condicións de solicitala, comprometéndose ademais a abandonar a proba a requirimento dos servizos médico-sanitarios, se o estiman necesario para a saúde do participante.

O participante tamén se compromete a eximir aos anteriormente sinalados de calquera responsabilidade de que a participación na proba puidera derivarse, tal como perda ou deterioro de obxectos persoais, roubo, extravíos ou outras circunstancias.



DEREITOS DE IMAXE E PROTECCION DE DATOS

A aceptación do presente regulamento implica obrigatoriamente que o participante autoriza á organización á gravación total ou parcial da súa participación na mesma, dá o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe para a promoción e difusión da imaxe da proba en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, internet, cartelería, medios de comunicación, etc.) e cede tódolos dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa parte de recibir compensación económica algunha.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro que é competencia do Club Vía Láctea. Pode haber cesións de datos á Federación Galega de Montañismo para utilizalos en relación con xestións administrativas.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos datos, poderá facelo mediante un escrito ao enderezo do Club ou por correo electrónico a info@clubvialactea. es xunto cunha fotocopia do seu DNI. A organización rexeitará calquera inscrición que non acepte as condicións deste regulamento. En caso de dúbidas ou de calquera situación non recollida, quedará ao que dispoña a organización.

INFORMACIÓN

Na nosa web clubvialactea.com irase actualizando a última información no caso de necesidade, tamén podes consultar as últimas publicacións nas nosas redes sociais

[instagram.com/clubvialactea](https://www.instagram.com/clubvialactea)

[facebook.com/club.vialactea](https://www.facebook.com/club.vialactea)

[whatsapp +34 604 09 13 25](https://www.whatsapp.com/+34604091325)



EMPRESAS COLABORADORAS

Temos moito que agradecer a estas empresas, as cales decidiron apoiar a este evento deportivo dun xeito ou doutro. Gracias a elas podemos seguir disfrutando da competición de Marcha Nórdica en Compostela.

* A información contida neste documento será válida hasta a charla técnica. Momento no que a Organización puntualizará os aspectos de última hora que puideran cambiar.